

PEZA DO MES

setembro

2012



O RECORDO DAS XOIAS

XUNTA DE GALICIA



DEBUXO. LÁPIS SOBRE PAPEL. 14 X 9 CM. Nº INV. 5.899

O recordo das xoias

Esta obra é unha das pezas senlleiras da colección de Belas Artes do Museo e un dos cadros máis coñecidos, reproducidos e prezados no conxunto da produción do seu autor, o pintor ourensán e membro da Xeración Doente, Ramón Parada Justel (1871-1902).

Está datado en 1901, na fase final da vida do artista, quen falecerá o 13 de maio de 1902, con tan só 32 anos de idade. Nestes seus últimos anos, Parada, xunto cunha constante e apaixonada dedicación á pintura, multiplica e diversifica a súa actividade. Sabemos que dende setembro de 1900 ocupa o cargo de profesor interino na Escola de Artes e Oficios da cidade de Ourense, onde imparte a materia de "Debuxo de figura, adorno, modelado e baleirado". Tamén prepara oposicións a Cátedras de Instituto, segundo escribe nunha nota autógrafa o 16 de febreiro no seu caderno de perspectiva e anatomía. Fai, así mesmo, un novo intento de volver a

Roma, onde xa estivera en 1894 grazas a unha bolsa de estudos concedida pola Deputación ourensá. Para iso, e despois do resultado adverso na convocatoria de 1899, asina as novas oposicións que se convocan para cubrir unha praza vacante de pensionado de pintura de paisaxe na Academia Española de Belas Artes de Roma, ás que non chega a comparecer, moi probablemente xa por motivos de saúde. Aínda así, continúa participando nas Exposicións Nacionais de Belas Artes, plataforma necesaria para acadar o esperado recoñecemento público e oficial.

Na Exposición de 1901, Parada participa con catro cadros na sección de Pintura e ademais envía obra para a recentemente creada sección de Arte Decorativa. Sen dúbida, foi este, no artístico, un bo ano para o pintor, xa que xunto a unha mención honorífica na nova sección, por un bosquejo de teito que se expón co número 1.499, consegue unha medalla de terceira clase polo cadro que nos ocupa, que leva o número 791. Estes dous novos éxitos axudarán a consolidar a súa traxectoria. Lembremos que xa antes, na Nacional de 1899, fora premiado con outra medalla da mesma categoría pola obra titulada *Os Satélites*, unha pintura que responde á temática do realismo social, da pintura con "argumento", tan en auxe daquela.

O recordo das xoias, un óleo sobre lenzo de 151 x 117 cm, representa unha muller nova, atractiva e elegante, que se detén a contemplar, cunha expresión á vez nostálgica e introspectiva, o escaparate dunha xoiería. A figura aparece de perfil, nunha pose informal, sostendo un paraguas coa man esquerda mentres achega a dereita ao seu rostro. O tema afástase da espectacularidade e o melodramatismo dominante nas últimas Exposicións Nacionais, reproducindo unha imaxe cotiá da vida urbana contemporánea, reflexo da nova burguesía emerxente, que resulta anovador e orixinal.

Parada revela un evidente interese por compor con intención narrativa os aspectos tomados da realidade e demostra a súa mestría e dominio técnico. Trata a pintura cunha pincelada áxil e cambiante, usando a mancha de diferentes empastes, unhas sen apenas materia e outras cargadas, grumos puntuais que tenden a reflectir as vibracións lumínicas e a reverberación das xoias e cristais sobre o fondo escuro. Utiliza unha paleta cunha ampla gama cromática, destacando como nota central da composición a blusa branca da muller pola súa intensa luminosidade, en contraste cos negros da falda, os cálidos vermellos do sombreiro e os verdes que, como marco da figura, constrúen o escaparate.

Xunto ao tema, o procedemento utilizado, a soltura e espontaneidade da súa linguaxe plástica, traducen novas aspiracións e tendencias que sinalan a evolu-

ción do seu estilo cara a unha fórmula máis internacional, asimiladora de principios estéticos tomados da pintura francesa e europea da fin de século.

O lenzo ingresou no Museo, co número de rexistro 3.582, como doazón de dona Enriqueta Cort, nada en Valencia aínda que residente en Madrid nas datas en que se produce esta, en 1954. A correspondencia xerada con tal motivo, dúas cartas datadas a 21 de xullo de 1953, unha dirixida á irmá do pintor, dona Modesta, e outra ao director do Museo, don Xesús Ferro Couselo, proporcionánnos algúns datos novos sobre o cadro. Por elas sabemos que a moza do cadro, da que descoñecemos o seu nome, era a irmá maior e única da doadora, e de que entre pintor e modelo existía algún tipo de relación sentimental *“que voy recordándolo pues en aquella época era yo muy niña y no pude apreciarlo”*, escribe Enriqueta nunha das cartas. Mentres que na que envía a Ferro comenta *“Es la figura fiel de mi única hermana, que no posó para el artista, así es para mí una cosa de gran estima, y gran mérito pues sin duda la retuvo en su gran imaginación”*.

Outro aspecto, non sinalado ata o de agora con relación a esta obra, é que o pintor recorre á unha imaxe fotográfica como fonte de inspiración temática e compositiva. A fotografía utilizada, que reproducimos xunto ao presente texto, foi tomada en Madrid e forma parte dunha ampla serie de placas de vidro de película negativa 9 x 12, con interesantes imaxes familiares en Ourense e Esgos, paisaxes, escenas de feiras e mercados e outras das estadias de Parada Justel en Madrid e Roma, que se encontran entre os fondos do pintor doados pola súa irmá ao Museo en 1951.

Neste aspecto hai que sinalar que a utilización de fotografías como recurso ao servizo dos pintores é algo que foi moi habitual dende as súas orixes, aínda que nun principio fora considerada por eles mesmos como unha dura competencia. A fotografía achegará novos puntos de vista e cambios nos encadres e na organización espacial, o concepto de instantánea ou a captación do movemento a través do esvaecemento dos contornos nas figuras.

Neste caso Parada reproduce a escena con variantes significativas, transformando a figura do home que aparece na fotografía na dunha muller que lle é próxima, de xeito que resulta unha obra personal, na que recorre aos seus propios sentimentos e vivencias. Mantén, porén, o enfoque fotográfico e gran parte dos elementos que vemos no interior do escaparate, como as bombillas que penden ou o andel cos estoxos das xoias.

No Museo se conserva tamén un pequeno debuxo a lápis, que puidera ser o primeiro achegamento á figura feminina. Un sinxelo e rápido apunte, se cadra tomado do natural, que cumpre o seu fin como recor-



FOTOGRAFÍA. COLECCIÓN PARADA JUSTEL (MUSEO ARQUEOLÓGICO. OURENSE)

do dunha instantánea máis que como estudo formal ou compositivo, e que varía sustancialmente cando é levado ao lenzo.

Por último queremos dar a coñecer outro documento inédito referido a este cadro, un poder notarial que se conserva no Arquivo Histórico (AHPO. Protocolo de Benito Rodicio. Caja 4.616, nº 641, f. 2.524-2.525, cuxa noticia agradecemos a dona Elisa Suárez Fernández), no que Parada Justel outorga poder, con data de trinta de agosto de 1901, a favor de don Domingo Paramés, veciño de Madrid e empregado do Ministerio de Instrucción pública, para que no seu nome reclame e perciba a suma de mil cincocentas pesetas que se lle adebedan do premio que lle fora recoñecido na Exposición Nacional.

O recordo das xoias é unha obra esencial na traxectoria artística do pintor, na que a incipiente inquedanza polos problemas de luz e ambiente que se albiscaban nas súas últimas realizacións fanse agora patentes, traslucindo uns afáns modernizadores que quedarían truncados pola súa prematura morte, á penas uns meses logo da conclusión desta súa última grande e prometedoras pintura.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA